

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés				
Materia	Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés			
Código	V01G180V01503			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Pereira Romasanta, Raquel Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	rosalia@uvigo.es			
Web	http://www.moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro e segundo cursos do Grao, co fin de acadar un nivel moi avanzado (C2) nas competencias lingüística e comunicativa do idioma.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C8	Mellorar a compresión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
C9	Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.
C11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.
C12	Dominar a dimensión social da lingua e saber como utilizala en función do contexto.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión.	A4	B5 B8	C1 C8	
Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A1 A3 A4 A5	B5 B13	C2 C9	
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1 A3 A4	B1 B3 B4 B5 B5 B6 B9 B11	C9 C11 C23	D1 D2 D3 D5 D8 D9 D10 D13 D16 D17
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito e oral co vocabulario e a organización apropiadas.	A1 A4 A5	B8 B9	C8 C12	
Familiarización con hábitos de traballo en equipo.	A2 A3 A5	B7 B13	C11 C12	
Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión orais no uso do vocabulario e na produción do discurso oral en base aos coñecementos adquiridos a través da lectura e da redacción.	A1 A4 A5	B1 B3 B7 B8 B8	C1 C2 C12	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D16 D17 D20
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose na comunicación interpersoal e no contexto internacional que ofrece o primeiro idioma estranxeiro.	A1 A2 A5	B3 B10 B11 B13	C2 C12 C27 C41	D1 D2 D3 D7 D9 D10 D16 D17 D19
Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos.	A2 A5	B5 B12 B13	C1	

Expansión dos coñecementos teóricos e prácticos para a súa posterior aplicación ao exercicio profesional.	A1 A5	B1 B2 B12 B13	C11 C12 C18	D1 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D14 D15 D16 D17 D20

Contidos	
Tema	
I. VOCABULARY	1. Varieties of English: 1.1. British and American English lexicon: spelling and pronunciation differences. 1.2. The vocabulary of other varieties of English: spelling and pronunciation. 2. The language of the media: 2.1. The language of social media. 2.2. Advertising. 2.3. The language of the written press. 3. Academic language: 3.1. Register and style. 3.2. The language of academic texts.
II. READING	1. Literary passages: 1.1 Structural and linguistic analysis. 1.2. Content analysis. 1.3. Film adaptations of some literary passages: comparative analysis. 2. Popular science writing: 2.1. Structural and linguistic analysis. 2.2. Stylistic analysis. 3. Scientific articles and essays: 3.1. Structural and linguistic analysis. 3.2. Paraphrasing and summarising.
III. LISTENING	1. Strategies: 1.1. Listening for general meaning and for specific information. 1.2. Coping with unknown vocabulary. 1.3. Coping with different accents. 2. Practice: 2.1. News programmes. 2.2. Interviews. 2.3. Academic lectures. 2.4. Series and films.
IV. WRITING	1. Strategies: 1.2. Planning one's writing: structure, register and style, topic, readership. 1.2. Linguistic issues: spelling, grammar, punctuation. 2. Types of writing: 2.1. E-mail in formal contexts. 2.2. Summaries and paraphrases. 2.3. Academic writing. 2.4. Job application letters.

V. SPEAKING	1. Speech vs. Writing: 1.1. Characteristics of spoken language. 1.2. Register and style. 1.3. Focus on pronunciation: segments and intonation. 2. Speaking practice: 2.1. Conversation: making introductions, answering questions, stating an opinion. 2.2. Building arguments: using language to comment and debate. 2.3. Structuring and delivering academic presentations.
VI. USE OF ENGLISH	1. Articles (review). 2. Inversion. 3. Phrasal and prepositional verbs. 4. Advanced conditional clauses. 5. Advanced passive and causative structures. 6. Cleft sentences.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Lección maxistral	18	28	46
Presentación	18	40	58
Resolución de problemas	14	20	34
Prácticas con apoio das TIC	0	18	18
Eventos científicos	4	2	6
Exame de preguntas obxectivas	10	20	30
Traballo	8	16	24
Exame de preguntas obxectivas	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia (semana 1 de curso).
Lección maxistral	Sesións "teóricas": Explicacións dos contidos de tipo gramatical, de vocabulario, lectura e escrita por parte da docente.
Presentación	Probas de competencia oral, que serán avaliadas por medio de presentacións na aula.
Resolución de problemas	Sesións "teóricas" e "prácticas": Formulación, análise e resolución de exercicios relacionados cos contidos gramaticais, de vocabulario, de lectura e escrita, ademais de escoita.
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de exercicios de contido gramatical e gravacións de exercicios de mellora de pronuncia mediante a plataforma da materia.
Eventos científicos	Asistencia a charlas e/ou seminarios impartidos por profesorado ou expertos/as externos na facultade.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Presentación	Para resolver as dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar e expoñer, as docentes atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	Para resolver as dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar e expoñer, as docentes atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de titorías. É recomendablen que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Durante as sesións "prácticas" das semanas 5-6 e 12-13, o alumnado fará presentacións orais na aula que serán avaliadas con respecto á destreza de "Speaking".	30	A2 A3 A4 A5	B1 B5 B12 B13	C1 C2 C9 C12
Prácticas con apoio das TIC	Ao longo do cuadrimestre, o alumnado resolverá exercicios e tarefas mediante a plataforma en liña da materia, que serán avaliados.	10	A3 A4 A5	B12 B13	C2 C11 C12
Exame de preguntas obxectivas	Durante as sesións "teóricas" das semanas 5-6 e 12-13, o alumnado realizará dúas probas da destreza "Listening", onde cada proba terá un peso na nota final de 10% (total na nota final: 20%). Na sesión teórica da semana 13, o alumnado realizará un só exame que avaliará os seus coñecementos das partes "Vocabulary" e "Reading", onde cada unha desas partes terá un peso na nota final de 10% (total na nota final: 20%).	40	A1 A2 A5	B10 B13	C1 C8 C11 C12
Traballo	Nas semanas 6 e 13 o alumnado entregará dous traballos escritos que avaliarán a destreza de "Writing".	20	A3 A4 A5	B9 B10 B11 B13	C2 C9 C11 C12

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Primeira edición de actas:

a.1) Avaliación continua:

O dominio das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel C2 será avaliado por medio de probas para cada unha das destrezas especificadas no programa.

As probas orais, en forma de presentacións, terán lugar na metade (semanas 5-6) e no final (semanas 12-13) do cuadrimestre, en datas concretadas pola docente coordinadora da materia con suficiente antelación.

As probas de escoita terán lugar durante as sesións teóricas das semanas 5-6 e 12-13 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre).

As probas de Writing consistirán en dous escritos que serán entregados na clase nas semanas 6 e 13, en datas concreatdas pola docente coordinadora da materia.

A proba de contido de Vocabulary e Reading terá lugar durante a sesión teórica da semana 13 (a data correspóndese coa data da clase nesa semana).

O coñecemento de contidos gramaticais avanzados, así como a evolución en aspectos varios da materia, serán avaliados mediante exercicios resoltos de xeito autónomo por medio da plataforma en liña da materia ao longo do cuadrimestre.

Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota ponderada obtida nesa proba. En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás anunciadas pola docente coordinadora da materia. Para aprobar a materia, o alumnado deberá aprobar cada unha das partes que se avalían cunha nota mínima de 5. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

De suspender algunha(s) das partes de que consta a materia, o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro).

A realización dunha ou varias das probas parciais implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame final e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas na(s) proba(s) realizada(s) durante o curso.

a.2) Avaliación única:

O alumnado que non realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames da Facultade de Filoloxía e Tradución. Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen:

1) Vocabulary -- 10% da cualificación final

2) Writing -- 20% da cualificación final

3) Speaking -- 30% da cualificación final

4) Listening -- 20% da cualificación final

5) Reading -- 10% da cualificación final

6) Grammar: 10% da cualificación final

Para aprobar a materia, o alumnado que se presente ao exame único deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían cun mínimo de 5. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes das que consta o exame único, o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro). Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá realizar o exame único.

b) Segunda edición de actas (xullo):

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame final, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo. Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen:

1) Vocabulary -- 10% da cualificación final

2) Writing -- 20% da cualificación final

3) Speaking -- 30% da cualificación final

4) Listening -- 20% da cualificación final

5) Reading -- 10% da cualificación final

6) Grammar: 10% da cualificación final

Tal e como se explicou no apdo. a), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha(s) das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da(s) parte(s) que ten suspensa(s) e gardaránselle as notas parciais das outras partes obtidas ben ao longo do curso, ben no exame único (ditas notas só se gardarán ata a convocatoria de xullo, en ningún caso durante máis tempo).

Para aprobar a materia, o alumnado que se presente ao exame único deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían cun mínimo de 5. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

c) Observacións finais:

Durante a realización dos exames presenciais non se permitirá a utilización de dicionarios, ordenador, teléfono móbil, nin a conexión a internet. No caso de avaliación non presencial non se permitirá o uso de dicionarios e só se poderá usar internet para acceder á plataforma na que se faga o exame.

A reprodución total ou parcial de contidos cuxa autoría non sexa do alumnado sen que este cite as fontes dos devanditos contidos constituirá plaxio; o plaxio considérase falta moi grave, e conducirá ao suspenso na parte ou partes en que se teña incorrido nesta falta.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Carter, R., M. McCarthy, G. Mark & A. O' Keeffe, **English Grammar Today. An A-Z Spoken and Written Grammar with CD-ROM and Workbook**, CUP, 2011
Cauldwell, R., **Streaming speech: listening and pronunciation for advanced learners of English**, Speech in Action, 2003
Evans, V., **Successful Writing: Student's Book Proficiency**, Express Publishing UK Ltd, 2000
Hewings, M., **Cambridge Grammar for CAE and Proficiency**, CUP, 2009
Mann, M. & S.T. Knowles, **Destination C1 & C2. Grammar and Vocabulary**, First edition, Macmillan, 2007
Moore, J., **Common Mistakes at Proficiency.... and How to Avoid Them**, CUP, 2005
Bibliografía Complementaria
Brazil, D., **Pronunciation for Advanced Learners of English**, CUP, 1994
Capel, A. & W. Sharp, **Objective Proficiency (Student's book)**, Second edition, CUP, 2013

Estebas Villaplana, E., **Teach yourself English pronunciation: an interactive course for Spanish speakers**, UNED, 2014
Grellet, F., **Writing for Advanced Learners of English**, CUP, 1997
Greenall, S. & M. Swan, **Effective Reading**, CUP, 1995
Hewings, M., **Advanced Grammar in Use**, CUP, 2005
Hewings, M., **English pronunciation in use. Advanced: self-study and classroom use**, CUP, 2017
Hughes, A., **English accents and dialects: an introduction to social and regional varieties varieties of English in the British Isles**, Fifth edition, Hodder Education, 2012
Jones, L., **New Progress to Proficiency**, Third edition, CUP, 2006
McCarthy, M. & F. O Dell, **English Vocabulary in Use**, CUP, 2002
McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Idioms in Use**, CUP, 2004
McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Phrasal Verbs in Use**, CUP, 2004
McCormack, J. & S. Watkins, **English for academic study: Speaking**, Garnet, 2012
Mylnarczyk, R. & S.B, **In Our Own Words**, CUP, 2007
Stott, R., T. Young & C. Bryan, **Speaking your mind: oral presentation and seminar skills**, Longman, 2001
Sunderland, P. & E. Whetten, **Objective Proficiency (Workbook)**, Second edition, CUP, 2013
Vince, M., **English Grammar and Vocabulary**, Second edition, Macmillan, 2014

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Outros comentarios

1. Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula.

2. O alumnado deberá consultar a plataforma de axuda á docencia (www.moovi.uvigo.gal) con asiduidade e, en calquera caso, sempre antes das sesións presenciais, xa que moitos dos materiais utilizados nas clases serán colgados nesa plataforma con antelación. Ademais, é responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. Esas datas serán
publicadas na citada plataforma.

3. Para poder seguir a materia é recomendable posuir como mínimo un nivel C1 de lingua inglesa. O alumnado que non posúa o nivel de partida recomendado terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.).

4. O alumnado en programas de intercambio con universidades estranxeiras que estea interesado en matricularse neste curso deberá ter en conta que os materiais están encamiñados á preparación do Cambridge Proficiency Exam e outros títulos semellantes de nivel C (C1-C2).

5. Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de copyright, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados polas docentes na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

6. Durante as clases, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles nin computadores, a non ser que a(s) docente(s) permitan ou requiran a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.
O uso de dicionarios, ordenadores ou outros aparellos electrónicos, con ou sen conexión a internet, non está permitido durante as probas e/ou exames.

7. Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una

planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN ===
Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se levarán a cabo empregando as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, MooVi).

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.